

LISTA DE ASISTENTES

Carballo González, Ángeles
Couto Cancela, Daniel
Dafonte Gómez, Alberto
Domínguez Blanco, Santiago
Gómez Rodríguez, Alma María
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Ríos Santomé, María José
DESCULPA ASISTENCIA
Ferreiro Vázquez, Óscar
Isorna Folgar, Manuel

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do día 19 de decembro de dous mil dezaoto, convocada para as 09:00 h en primeira convocatoria e ás 09:30 h en segunda na salas de videoconferencia.

O día **19 de decembro de 2018** ás 09:30 h deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 30 de novembro de 2018.
2. Resolución das reclamacións á proclamación provisional de candidatas e candidatos electos nas eleccións de representantes de estudantes nos Consellos de Departamento e de representantes de estudantes e PAS no Comité de Dirección da EIDO e proclamación definitiva de candidatas e candidatos electos.
3. Modificación, se procede, do *Regulamento para elixir a representación do estudiantado e do Persoal de Administración e Servizos no Comité de Dirección da Escola Internacional de Doutoramento*.
4. Asuntos varios.
5. Rogos e preguntas.

Ao non haber alegacións, apróbbase a acta da sesión da Comisión Electoral do 30 de novembro de 2018.

Infórmase que, tanto no caso do proceso electoral correspondente aos consellos de departamento como no do Comité de Dirección da EIDO, non se recibiron reclamacións á proclamación provisional de candidaturas electas, polo que se aproba a proclamación definitiva de candidaturas electas.

Así mesmo, Ángeles Carballo comenta que normalmente só hai que realizar eleccións a un departamento, o que implica que haxa que poñer mesas electorais en todos aqueles centros nos que o departamento imparta docencia dalgunha materia. Dado que logo soamente votarán os estudantes adscritos aos centros onde se presentaron candidaturas, propón que no momento en que se modifique o regulamento de eleccións de representantes de estudantes aos consellos de departamento para adaptalo aos novos Estatutos, tamén se estableza que so poderán votar os estudantes adscritos aos centros onde se presentaron candidaturas.

O reitor comenta que nas próximas eleccións se intentará utilizar un programa de voto electrónico, xa que facilitaríase que os membros da comunidade universitaria poidan votar sen ter que trasladarse ás mesas electorais que se atopan nos centros.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 09:45 h do día 19 de decembro de 2018, da que eu como secretario xeral dou fe co visto e prace do presidente da Comisión Electoral.

O presidente da Comisión Electoral

O secretario da Comisión Electoral

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Miguel Ángel Michinel Álvarez